

**REGULAMENTO DA PROBA DEPORTIVA**  
**“XVIII Carreira Pedestre Popular San Silvestre de Castrelo de Miño”**

A “XVIII Carreira Pedestre Popular San Silvestre de Castrelo de Miño”, organizada polo Concello de Castrelo de Miño e a delegación Ourenzá da Federación Galega de Atletismo, celébrase o martes 31 de decembro de 2016, a partir das 16:30 h. no Concello de Castrelo de Miño.

**1. SAÍDA- CHEGADA**

A saída e chegada da proba serán no mesmo punto, situado no Parque Náutico de Galicia en Castrelo de Miño.

**2. HORARIO**

- Categorias Benxamín, Alevín, Infantil e Cadete, sairán ás 16:30 horas
- Categorias Xuvenil, Junior, Promesa e Senior/Veterano, sairán ás 16:40 horas

**3. PERCORRIDO**

A proba absoluta consistirá en 1 volta a un circuíto de 7000 metros por estrada, zorra compactada e chan pavimentado e para as categorías Benxamín, Alevín, Infantil e Cadete 1 volta de 2200 metros por estrada, zorra compactada e chan pavimentado.

Achéganse os mapas do percorrido e o seu perfil nos Anexos I e II.

**4. INSCRICIÓN**

- Os participantes poderán inscribirse na web do concello de Castrelo de Miño. [www.castrelo.gal](http://www.castrelo.gal)

**5. RECOLLIDA DE DORSAIS**

O mesmo día da carreira dende as 15:00 ata as 16:00 horas na zona de saída e meta.

**6. CATEGORÍAS**

Categoría	Idades	Distancia
BENXAMIN	8 e 9	2200 m.
ALEVIN	10 e 11	2200 m.
INFANTIL	12 e 13	2200 m.
CADETE	14 e 15	2200 m.
XUVENIL	16 e 17	7400 m.
JUNIOR	18 e 19	7400 m.
PROMESA	20,21 e22	7400 m.
SENIOR/VETERANO	23 ou mais 35 ou mais (para veteranos)	7400 m.

**7. PREMIOS**

Medallas para os tres primeiros clasificados en cada categoría masculino e feminino.

**8. OUTRAS**

A Organización non se fai responsable de danos morais e materiais que a si mesmo ou a outras persoas ocasionen os participantes da proba.

As reclamacións deberán ser feitas verbalmente ao xuíz árbitro, non mais tarde de 30 minutos despois de comunicarse oficialmente os resultados. Se son desestimadas por este poderase presentar reclamación por escrito e acompañada dun depósito de 60 euros ao Xurado de Apelación.

Será motivo de descalificación, entre outros os seguintes aspectos: Non realizar todo o circuito da carreira, non levar dorsal ou manipular esta, falsificar datos persoais.

Todo o non disposto na presente normativa rexerese polas normas de competición da FEGA, RFEA e IAAF para a presente tempada, así como todo o regulamento por instancias superiores